

MANIFESTACIÓNS DA PLÁSTICA CASTREXA NA PROVINCIA DE LUGO

FRANCISCO CALO LOURIDO

En varias publicacións teño denunciado o punto de partida científico dos traballos arqueolóxicos circunscritos ás delimitacións políticas actuais. Non estou agora a caer no mesmo, pois o único que pretendo é dar conta dunhas obras e duns xacementos, sen pasar ó nivel superior das teorizacións globalizadoras.

A Cultura Castrexa non é un todo uniforme, senón que nela apreciamos, sen grande esforzo, dúas grandes áreas e moitas subáreas xa non tan facilmente detectables. As dúas primeiras servirían de base para a división conventual romana: Convento Xurídico Lucense e Convento Xurídico Bracarense, coas respectivas capitais en *Lucus Augusti* e *Bracara Augusta*. As diferencias entre os dous son nidiás tanto na arquitectura doméstica como na cerámica, etc.; pero o que agora nos interesa é ver que sucede coa plástica.


Ata hai pouco tempo dicíase que na subárea sur tiñamos decoracións arquitectónicas e pedras formosas, así como guerreiros e verróns enteiros, en contraposición á zona norte onde só había cabezas soltas de persoas e animais. Algo de verdade hai nisto, pero é inexacto. O que realmente temos é o seguinte: No Convento de Braga hai decoracións arquitectónicas, o mesmo nas casas que nos baños ou «fornos», guerreiros galaicos, cabezas de animais (os porcos enteiros caen fóra do castrexo), cabezas humanas e figuras diversas; no Convento de Lugo a plástica é máis escasa, téndose atopado ata o de hoxe só cabezas humanas e figuras diversas.

A provincia de Lugo está toda ela dentro do convento xurídico lucense, polo que, despois do dito, xa podemos imaxinar que tipo de plástica atoparemos nela. Non vou falar aquí dalgunhas cabezas humanas atopadas hai pouco e aínda inéditas, caso da gran peza, se é castrexa, de Vilela (Taboada) ou das novas cabezas de Barán (Paradela). Vaiamos ó édito e estudado.

Noutro lugar teño analizado e publicado sete xacementos lucenses ós que se lles adxudicou material plástico castrexo, a saber: Barán e Cortes (Paradela), Bergazo (O Corgo), Castillós (Pantón), Narla (Friol), Óutara (A Pobra do Brollón) e Vilapedre (Sarria). De todos eles desbotei da nómina desta estatuaría, por diferentes razóns que agora veremos, as pezas de Bergazo e Óutara e puxen en entredito a de Narla. Das outras semella non existir dúbida da súa autenticidade.

De Bergazo coñécense un pés descalzos sobre unha peana que foron atopados por D. Manuel Rivas Reiña no mes de abril de 1951 na parte baixa do castro. Ingresaron no Museo

Arqueolóxico Provincial e permaneceron moitos anos inéditos ata que en 1986 foron publicados como pertencentes a unha estatua de guerreiro galaico. Debo recoñecer que a primeira impresión que producen é esa, pero hai tres aspectos que convén considerar. Os case 30 guerreiros (ou fragmentos) atopados ata hoxe proceden todos do convento de Braga e estes pés están moi perto da capital do outro convento onde aínda non aparece ningún. A talla dos dedos sería moi superior á de tódalas demais pezas, lembrando moito máis a plasticidade das obras nidiamente romanas (na subárea sur os artífices castrexos son moito máis hábiles que no lucense). Por último, o tamaño dos pés indica que se a escultura era de corpo enteiro mediría todo o bloque tres metros e medio de alto, co que resultaría un tamaño colosal e inusual nesta plástica.



Distribución de xacementos: 1 Barán, 2 Bergazo, 3 Castillós, 4 Cortés, 5 Narla, 6 Óutara, 7 Vilapedre

Se a todo o anterior sumámo-lo feito de que estamos ó pé de Lugo capital e que na zona teñen aparecido moitos restos romanos, entre eles a estela de Adai, inclínome a pensar que esta peza non pode figurar entre as estritamente castrexas, sendo produto dunha romanización máis intensa.

A peza de Óutara (na baranda da «Casa de Seara» xunto con outras labras) foi publicada hai xa uns anos como un bifronte castrexo. Eu non teño dúbida de que se trata dunha obra recente feita por un afeizoado á escultura, morto en 1954, como, sen dúbida de ningunha clase, me afirmaron os seus parentes. Desbótoa, pois, da plástica castrexa.

A cabeza de Narla publicouna Blanco Freijeiro, catedrático en Madrid, como pertencente a un castro daquela localidade. O que fai é usala de excusa para falar do tema da cabeza humana e da peza só sabe que lla levou un alumno. Moitos anos despois preguntei por ela ó devandito alumno, na altura catedrático, e non lembraba nada dela. Isto é todo canto hai, polo que seguir mantendo que é castrexa non ten senso, xa que non hai ningún dato que avale a súa suposta orixe, descoñécese o seu actual paradeiro e, a vulgar pola foto da publicación, o mesmo puido ter sido feita por calquera inexperto pouco antes de desaparecer en Madrid.

Quedámonos, xa que logo, coas pezas de Barán, Cortes, Castillós e Vilapedre.

No castro de Barán atopou Vázquez Seijas un par de cabezas en relevo que depositou no Museo Arqueolóxico Provincial de Lugo en 1932. Este castro (non entro nos últimos achados, mesmo de plástica, froito das últimas excavacións) mostrouse xa desde o seu descubrimento moi romanizado. As dúas pezas son dunha sinxeleza absoluta de rasgos, tendo en común senllas protuberancias frontais, e o artífice conformouse con esbozar dous rostros a base de incisións.

Ó outro lado do río Loio, tamén no concello de Paradela, está, entre outros, o castro de Cortes. Practicamente nada sei deste xacemento, pois as excavacións que nel se fixeron en 1934 foron clandestinas. Foi nelas cando se atopou unha cabeza, labrada nun pequeno bloque de granito, con aspecto periforme e ollos globulares. O descubridor entregouna en depósito no Museo Arqueolóxico Provincial. É probable que tamén proceda deste castro outra cabeza que non cheguei a ver persoalmente, pero da que coñezo a existencia por unha cativa publicación de Guerra Mosquera na que di que se atopa nunha casa perto da igrexa de Santa María de Loio. Eu estiven alí, pero non chegou ninguén que me poidera franquea-la entrada, polo que ignoro se aínda continúa nesa casa. O que si pode dicir é que non está nin no Arqueolóxico nin no Diocesano. Pola foto da publicación vemos que tiña tamén os ollos globulares.

Non é cousa de repetir aquí todo canto teño escrito sobre a interpretación destas cabezas (que por certo aparecen nos dous conventos). Direi simplemente que foron consideradas «têtes coupées», cabezas-trofeo, positivos de mascariñas funerarias, deidades, deuses sen corpo, exaltación da cabeza, apotropaias, etc. Díxose tamén que conformaban parte da nosa plástica prerromana e máis



Fotos: 1 e 2 Barán, 3 Cortés, 4 Bergazo, 5 e 6 Castellós, 7 Vilapedre e 8 Óutara

concretamente céltica. Eu estou en condicións de dicir que cabezas deste tipo aparecen en toda a Península, e en Francia, e en Italia... e en tódalas partes polas que pasaron e se asentaron os romanos. E cando as atopamos en asentamentos romanos claros, mesmo de Italia, aparecen nun contexto funerario, polo que eu hoxe, (en arqueoloxía sempre hai que estar preparados para cambiar diante de novos achados), non dubido de que foron feitas para figurar enriba ou a carón das tumbas, formando parte da arte que chamamos provincial romana para «gentes» e «incolae».

Coñecemos dúas pezas, na Coruña e Ourense, que foron recollidas no entullo dunhas murallas pola banda de fóra. ¿Serían neste caso apotropaicas?, ¿estarían sobre tumbas na zona extramuros como era preceptivo no mundo romano?...Eu, por paralelos, prefiro o segundo.

En Castellós temos un xacemento verdadeiramente complexo con restos dun castro, hipocaustos, tumbas mesmo cristiás, etc.; pero o que agora nos interesa é que alí apareceron unhas pedras decoradas (sei de tres) con trisqueis. Dúas están nunha casa do lugar e a terceira empotrada no paramento doutra baixo unha fiestra.

O tema da esvástica é o segundo da gramática decorativa castrexa en frecuencia de aparición a pouca distancia do primeiro, conformado polos cordados e espiñas de peixe. O motivo por tanto non resulta chamativo, pero si o lugar, pois Castellós está no convento

de Lugo e as decoracións arquitectónicas aparecen no de Braga. Coñezo outras dúas excepcións amais desta: o castro de Sete Pías, perto de Cambados (tamén lucense) e o de Cortinhas (Vila Real, Portugal). Os tres asentamentos están nos lindeiros do bracarense e nos casos galegos con doada comunicación, por mar o de Cambados e subindo o Miño o que nos ocupa.

Tendo en consideración que a cronoloxía que asigne a este tipo de labras é o cambio de Era e a primeira metade do s.I d.C. podemos pensar que a importancia de Castellós, que se manifestará posteriormente, arranca xa desde época castrexa.

Por último temo-lo castro de Vilapedre en Sarria. Malia o nome, que fai pensar máis nun asentamento romano ou medieval, a topografía do lugar é a dun castro.

De xeito casual, xunto con moita tégula, apareceu unha figura das que eu estudiei como «diversas» por falta de elementos paralelizables entre elas. Atópase no Museo Arqueolóxico Provincial, onde ingresou por compra. Trátase dunha escultura lixeiramente fusiforme de 70 cm. de alto que deixa ver unha cabeza cunha protuberancia enriba, cun pescozo seguido dun torques ou cecais mellor brazos e un relevo que semella ser un falo con dous círculos avultados, un a cada lado e a distintas alturas, que poderían se-los testículos, rematando o conxunto noutro avultamento.

Esta peza penso que tanto podería tratarse dunha escultura fálica como dun exvoto. O

máis cómodo é inclinarse polo primeiro, pero se o avultamento final é o escroto ¿que son os outros dous?. Non teño espazo para repetir aquí o que deixei escrito noutros lugar, polo que resumo dicindo que por paralelos con pezas francesas das que se sabe con certeza que eran exvotos de herniados, non é excesivamente arriscado pensar se esta figura non representará a un home con dúas hernias inguinais que fai un exvoto a unha divindade que obviamente descoñecemos. Coido que non é o único exvoto que temos na plástica castrexa.

Recapitulando, podo dicir que a plástica castrexa non é moi pródiga no convento lucense, polo que na actual provincia as manifestacións son escasas, conformándose polo de agora cunhas cabezas humanas, unhas labras con esvásticas e unha extraña figura que cecais represente un exvoto.

BIBLIOGRAFÍA

Dadas as características desta revista coido que non debo alonga-la redacción con todo o aparato bibliográfico, polo que simplemente remito á miña obra na que figuran tódolos traballos precedentes: CALO LOURIDO, Francisco (1994): *A Plástica de Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa». Catalogación Arqueolóxica y Artística del Museo de Pontevedra. Pontevedra. 2 vol.